

Tras o acordo alcanzado o pasado marzo

EROSKI E EP BIDCO FORMALIZAN SU ALIANZA EN CATALUÑA Y BALEARES

- **Constitúese o Consello de Administración da sociedade Supratuc2020 que engloba os negocios do grupo EROSKI en Cataluña e Baleares**
- **Na súa primeira Xunta Xeral de Accionistas designáronse os catro conselleiros da sociedade e aprobáronse os estatutos sociais**
- **Javier Amezaga, director Corporativo de EROSKI, preside o Consello de Administración**

Elorrio, 7 de setembro do 2021.- Está mañá formalizouse a sinatura da operación pola que a sociedade EP Bidco, participada polo grupo checo EP Corporate Group e mais o investidor eslovaco Patrik Tkáč, se incorpora como socio en Supratuc2020, sociedade que engloba os negocios do grupo EROSKI en Cataluña e Baleares, superadas xa todas as autorizacións regulatorias e contractuais ás que estaba suxeito o acordo alcanzado en marzo deste ano.

Tras a sinatura da operación, celebrouse a xunta constituínte da sociedade e aprobáronse os seus estatutos sociais. Ademais, designáronse tamén os membros do seu Consello de Administración, que está presidido polo director Corporativo de EROSKI, Javier Amezaga. Compoñen o devandito órgano, ademais, Rosa Carabel, directora Xeral de EROSKI; Marco Arcelli, CEO de EP Global Commerce; y Roman Šilha, Director de Operaciones Corporativas de EP Global Commerce e VESA Equity Investment.

O peche definitivo da operación impulsará o reforzo dos investimentos e da actividade en Cataluña coa marca CAPRABO e en Baleares coa marca EROSKI. O acordo bota a andar cun plan de xestión e desenvolvemento acordado por ambas as dúas partes, que permitirá a consolidación do grupo EROSKI nos mercados, o reforzo da posición comercial e a mellora da súa rendibilidade.

"Hoxe iniciamos unha nova etapa para a que contamos coa confianza do noso novo socio. Este acordo permitiranos aumentar a nosa capacidade de investimento nos negocios de Cataluña e Baleares e poñer en marcha o plan de xestión e desenvolvemento acordado entre ambos os dous socios. Rematamos con éxito un proceso destinado a atoparmos o mellor socio para o noso proxecto", sinalou o director Corporativo de EROSKI e novo presidente de Supratuc2020, Javier Amezaga.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
KRISTIAN PRIETO

Tel.: 944 211 214

comunicacion@eroski.es

**EROSKI – OFICINA DE PRENSA
CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel.: 944 158 642

Sala de prensa online

O acordo que regula a gobernanza de Supratuc2020 permítelle ao grupo EROSKI manter o control da sociedade e seguir consolidando os activos netos do subgrupo conformado por Supratuc2020 e as súas participadas (CAPRABO e Cecosa Supermercados). A transacción non terá ningún impacto significativo nos resultados individuais nin consolidados do grupo EROSKI, verificándose un fortalecemento do Patrimonio Neto do grupo, e unha notable redución de Débeda Financeira.

A data de hoxe, a cota de amortización de débeda de vencemento decembro 2021 por importe de 315 millóns de euros quedou totalmente amortizada, e é posible ademais a amortización anticipada de parte da cota de xullo do 2024. Espérase que o importe restante de amortización do contrato de refinanciamento a peche de exercicio se sitúe por baixo dos mil millóns de euros.

JAVIER AMEZAGA

(Santurtzi, 1967). Enxeñeiro Superior Industrial pola Escola de Bilbao e Executive MBA por Esade. Forma parte do grupo EROSKI dende 1993, onde comezou a súa carreira na área de Loxística, que acabou dirixindo durante 5 anos. Dende o 2007 ata o 2010 Javier Amezaga foi director xeral de CAPRABO, onde liderou a integración da cadea no grupo EROSKI. Dende febreiro do 2021 é o director Corporativo do grupo, logo de ostentar sucesivamente a posición de Dirección Xeral e de Dirección Xeral de Recursos durante a década pasada. Agora vén de ser designado presidente de Supratuc2020, cargo que tamén ocupa dende o 2013 no Consello de Administración de VEGALSA-EROSKI.

CAPRABO

A filial do grupo EROSKI en Cataluña, CAPRABO, empresa de supermercados referente en Cataluña, entrou a formar parte do Grupo EROSKI no 2007. Contaba, daquela, con presenza en Cataluña, Madrid, Baleares e Navarra; a rede de CAPRABO fóra de Cataluña, que representaba case a metade (44%) dos seus puntos de venda, integrouse noutras sociedades do grupo EROSKI. Actualmente, CAPRABO conta cunha rede comercial de 213 supermercados propios, 80 franquías e unha gasoleira, que se concentra en todo o territorio catalán e Andorra e nela traballan máis de 5.700 persoas que lles dan servizo a máis de 150.000 clientes ao día

EROSKI BALEARES

O grupo EROSKI conta en Baleares cunha rede comercial de 107 supermercados propios e 72 franquizados, cun equipo de case 2.500 persoas e cunha comunidade de 377.432 socios e socias cliente.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
KRISTIAN PRIETO

Tel.: 944 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel.: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)



Grupo EROSKI

EROSKI é o primeiro grupo de distribución de carácter cooperativo de España e operador de referencia nas rexións de Galicia, País Vasco, Navarra, Cataluña e Baleares. A súa rede comercial elévase a 1.624 establecementos, entre supermercados, hipermercados e cash & carry, amais de gasolineras, ópticas, oficinas de viaxes e tendas de equipamento deportivo e o seu supermercado *online*. Ademais, conta con máis de 6 millóns de Socios Clientes e con máis de 33.000 socios cooperativistas, traballadores e franquitados.

EPCG & PATRICK TKÁČ

EP Corporate Group (EPCG) constituíuse como o novo *holding* que engloba todas las participaciones estratégicas de Daniel Křetínský y su equipo directivo, incluyendo EPH (energía e infraestructura), EP Global Commerce (mayorista y cash & carry), Czech Media Invest (medios de comunicación), EC Investments (e-commerce), EPRE (inmobiliario). EP Corporate Group tiene su sede en Praga, República Checa.

Patrik Tkáč é cofundador do *holding* bancario J&T FINANCE GROUP SE, presidente do consello de administración de J&T BANKA, investidor e copropietario de importantes empresas en Europa Central e Oriental no eido de *private equity*, enerxía, medios de comunicación, *e-commerce* e distribución. Ademais, mantén unha longa traxectoria como socio e coinvestidor de Daniel Křetínský, socio maioritario de EPCG.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
KRISTIAN PRIETO

Tel.: 944 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel.: 944 158 642

Sala de prensa *online*